



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

**XUSTIFICACIÓN DOS ASPECTOS ESIXIDOS POLO ART. 116 DA LEI 9/2017, DO 8 DE NOVEMBRO, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO (LCSP), NO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO TRACTOR E/CUN APEIRO ROZADORA DE BRAZO, ACTUACIÓN DERIVADA/FINANCIADA DE/POLO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, ASINADO O 3 DE MAYO DE 2024.**

**EXPEDIENTE: 2024/C005/000001**

**O PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN E O VALOR ESTIMADO DO CONTRATO (VEC)**

O presuposto base de licitación é:

BASE IMPOÑIBLE:	123.966,94 €
IVE:	26.033,06 €
TOTAL:	150.000,00€

O citado importe resulta/derívase da documentación previa/preparatoria que culmina coa sinatura do “CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DE TRACTOR- DESBROZADORA E CAMIÓN GRÚA” (expediente conexo) e máis concretamente co documento denominado “Informe sobre el pliego de prescripciones técnicas”, asinado/redactado por Andrés Queijo Rey, enxeñeiro técnico industrial, de data 18/06/2024 e con visado colexial 162124-CO, documentación que se incorpora/incorporará como fundamento e antecedente do presente expediente de contratación.

Polo que se refire o valor estimado do contrato (VEC), deriva, tamén, do citado documento e de acordo co art. 101 da LCSP virá determinado polos seguintes conceptos: base impoñible e o importe das modificacións previstas na documentación que rexe a licitación do contrato.

No presente expediente non se prevén/non se definen modificacións nos termos previstos no art. 204 da LCSP polo que o valor estimado do contrato (VEC) é o seguinte:

BASE IMPOÑIBLE:	123.966,94 €
TOTAL VEC:	123.966,94 €

**ELECCIÓN DO PROCEDEMENTO E CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

O presente subministro execútase/finánciase ao abeiro do xa citado convenio de cooperación coa Deputación Provincial. De conformidade mesmo, como non podía ser doutra forma, é necesario que o concello proceda a licitar o subministro de acordo cos procedementos establecidos na LCSP.

No presente caso considérase que debe de acudirse ao procedemento aberto simplificado, art. 159 da LCSP, establecendo tres criterios de valoración, cuantificables mediante a aplicación de fórmulas (prezo, redución do prazo de entrega e aumento do prazo de garantía), con base en:

- Que de conformidade coa LCSP a adxudicación realizárase ordinariamente utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo e utilizando o procedemento aberto ou restrinxido.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

- Que os prazos establecidos no convenio aconsella acudir ao procedemento simplificado pois este conxuga os principios aos que se refire o art. 1 da LCSP coa axilidade do procedemento. Por outra banda o VEC, 123.966,94 €, está moi por baixo do límite establecido polo art. 159 da LCSP por remisión ao art. 21.1 a) da mesma norma, 221.000 €, polo que é posible e ademais neste caso conveniente, por razóns de celeridade e axilidade, como xa se dixo, acudir a este procedemento.

-Que de conformidade art. 159 da LCSP no procedemento aberto simplificado existe unha preponderancia/preferencia dos criterios de adxudicación cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas fronte aos que depende dun xuízo de valor. Así, a letra b) do apartado 1 do citado artigo establece:

*“b) Que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún avaliable mediante xuízo de valor ou, de habelos, a súa ponderación non supere o vinte e cinco por cento do total, salvo no caso de que o contrato teña por obxecto prestacións de carácter intelectual, como os servizos de enxeñería e arquitectura, en que a súa ponderación non poderá superar o corenta e cinco por cento do total”.*

Polo tanto, tendo en conta os posibles criterios de adxudicación e a natureza/obxecto do contrato, así como, o procedemento a empregar, aberto simplificado, óptase por establecer, como xa se avanzou e concretando a xustificación da súa utilización, os seguintes criterios coas seguintes puntuacións:

**Oferta económica** (puntuación de 0 a 80 puntos), xa que se pretende e se entende que é posible lograr un aforro na licitación, sendo este criterio unha forma efectiva de dar cumprimento ás/aos finalidades/principios da contratación pública establecidos no art. 1 da LCSP (estabilidade orzamentaria, control do gasto e eficiente utilización dos fondos públicos).

**Ampliación do prazo de garantía** (puntuación de 0 a 15 puntos). O art. 210.3 da LCSP determina, con carácter xeral, a necesidade de que nos contratos se fixe un prazo de garantía: *“Nos contratos fixarase un prazo de garantía a contar da data de recepción ou conformidade, transcorrido o cal sen obxeccións por parte da Administración, salvo os supostos en que se estableza outro prazo nesta Lei ou noutras normas, quedará extinguida a responsabilidade do contratista”.* Unicamente se exceptiona esta obriga respecto de *“aqueles contratos en que pola súa natureza ou características non resulte necesario, o que deberá xustificarse debidamente no expediente de contratación, consignándoo expresamente no prego”*, excepción que non concorre no presente.

Respecto ao contrato de subministro o art. 305 da LCSP, no seu apartado primeiro, establece que *“Se durante o prazo de garantía acreditácese a existencia de vicios ou defectos nos bens fornecidos terá dereito a Administración para reclamar do contratista a reposición dos que resulten inadecuados ou a reparación dos mesmos se fose suficiente”.* No seu apartado 4, declara exento de responsabilidade ao contratista, unha vez que, terminado o prazo de garantía, a administración non formulase algún dos reparos ou a denuncia a que se refiren os apartados 1 e 3 do citado artigo.

Polo tanto, determinada a necesidade/conveniencia de fixar un prazo de garantía, o mínimo establecido no presente dun (1) ano, conforme ao determinado no xa referido *“Informe sobre el pliego de prescripciones técnicas”*, considérase que o mesmo pode e debe ser mellorado, en defensa dos intereses municipais, polos licitadores, tendo en conta, ademais, que a administración, en principio, non está protexida pola normativa de defensa dos consumidores e usuarios.

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).*



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

**Redución do prazo de entrega (puntuación de 0 a 15 puntos)**, enténdese que o prazo fixado, 40 días naturais, pode e debe ser mellorado polos licitadores, permitíndose desta forma que os novos medios materiais, en beneficio da veciñanza, podan ser empregados o antes posible por esta administración, sen perder de vista e considerando, ademais, os prazos perentorios que deben ser respectados polo concello para cumprir os compromisos asumidos no convenio suscrito coa Deputación Provincial.

En relación a este criterio, debe considerarse, ademais, o art. 145 da LCSP referido aos *“Requisitos e clases de criterios de adxudicación do contrato”* o cal establece na letra f) do apartado 3: *“A aplicación de máis dun criterio de adxudicación procederá, en todo caso, na adxudicación dos seguintes contratos:*

*.../*

*f) Contratos de subministracións, salvo que os produtos para adquirir estean perfectamente definidos e non sexa posible variar os prazos de entrega nin introducir modificacións de ningunha clase no contrato, sendo por conseguinte o prezo o único factor determinante da adxudicación”.*

En conclusión a redución do prazo de entrega é un criterio de adxudicación previsto expresamente pola LCSP para os contratos de subministro que pode/debe ser establecido naqueles contratos como é o presente nos que sexa posible variar/reducir o prazo de entrega dos bens.

En resumo cos tres citados criterios e de conformidade cos arts. 1, 131 e 145 da LCSP se pretende que a mellor oferta garanta o principio de mellor relación calidade-prezo e dar cumprimento ao preceptuado polo art. 159.1 letra b) respecto aos criterios de adxudicación a empregar no procedemento, preponderancia/preferencia dos criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas.

Por ultimo indicar que a propia natureza/obxecto do subministro e que este non presenta unha especial complexidade desde o punto vista técnico ten sido considerado tanto na elección do procedemento como nos criterios de valoración.

## **CLASIFICACIÓN E SOLVENCIA**

A clasificación do empresario non é esixible de conformidade co art. 77 LCSP non obstante, se require dispoñer de solvencia.

En relación a solvencia considérase que esta deberá quedar establecida no PCAP da seguinte forma:

***“La solvencia económica y financiera, conforme al art. 87.1.a) de la LCSP, mediante el volumen anual de negocios en el ámbito al que se refiere el contrato, referido al mejor ejercicio dentro de los tres últimos disponibles en función de las fechas de constitución o de inicio de actividades del empresario y de presentación de las ofertas, por importe igual o superior a una vez y media el valor estimado del contrato: 185.950,41 €.***

*El volumen anual de negocios del licitador se acreditará por medio de sus cuentas anuales aprobadas y depositadas en el Registro Mercantil, si el empresario estuviera inscrito en dicho registro y, en caso contrario, por las depositadas en el registro oficial en que deba estar inscrito. Los empresarios individuales no inscritos en el Registro Mercantil acreditarán su volumen anual de negocios mediante sus libros de inventarios y cuentas anuales legalizados por el Registro Mercantil.*

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).*



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

*La documentación anterior se presentará acompañada de una declaración del empresario indicando el volumen de negocios global de la empresa.*

**La solvencia técnica**, conforme al art. 89.1.a) de la LCSP, principales suministros realizados de igual o similar naturaleza al objeto del contrato en el curso de como máximo los tres últimos años, avalados con certificados de buena ejecución.

Se considerará que el licitador posee solvencia técnica cuando el importe anual acumulado en el año de mayor ejecución **sea igual o superior al 70 % del presupuesto de licitación, excluido el IVA: 86.776,86 €**

Se considerarán suministros de igual o similar naturaleza, a efectos del importe anterior, y de conformidad con lo establecido en el art. 89.1.a) de la LCSP, aquellos cuyos tres primeros dígitos de los códigos CPV coincidan con los del presente contrato.

Los certificados de buena ejecución se presentarán acompañados de un listado en el que figurarán, al menos, los siguientes datos: año; objeto, destinatario e importe sin IVA.

De conformidad con lo previsto en el artículo 89.1 h), la solvencia técnica para las empresas de nueva creación (que tengan una antigüedad inferior a cinco años) que no puedan ostentar la experiencia exigida anteriormente, se sustituirá por estar en poder de los certificados expedidos por los institutos o servicios oficiales encargados del control de calidad, de competencia reconocida, que acrediten la conformidad de productos, perfectamente detallada mediante referencias a determinadas especificaciones o normas técnicas”.

Así, pois, os criterios de solvencia se establecerán/establecen de conformidade co previsto na LCSP (salvo o suposto de empresas de nova creación) para o caso de que non se procedera a súa determinación polo PCAP, sendo esta actuación/decisión a que se considera máis oportuna no presente expediente dada a natureza/obxecto do subministro, ao non presentar unha especial complexidade desde o punto vista técnico, ao tempo que se pretende garantir unha correcta execución do mesmo e o respecto aos principios recollidos no art. 1 da LCSP, en concreto: *liberdade de acceso ás licitacións; non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores; unha eficiente utilización dos fondos destinados a adquisición de bens; a salvagarda da libre competencia e a selección da oferta economicamente máis vantaxosa.*

Respecto as empresas de nova creación considerase que o medio elixido para acreditar a solvencia é o máis axeitado para garantir a correcta execución do contrato, a protección dos intereses públicos, sendo en todo caso respectuoso cos principios establecidos no art. 1 da LCSP (vid. parágrafo anterior) e en concreto con aqueles que se refiren aos licitadores (*liberdade de acceso ás licitacións; non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores*).

## **CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN**

En relación ás condición especiais de execución considérase que estas deberán quedar establecida no PCAP da seguinte forma:

**En materia de protección de datos.** De conformidad con lo previsto en el artículo 202 LCSP, en caso de que el contrato comporte el tratamiento de datos de carácter personal, el contratista deberá adoptar las medidas técnicas y organizativas apropiadas, para que el tratamiento sea efectuado de conformidad con la normativa vigente en materia de protección de datos de carácter personal (Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

*Protección de Datos y garantía de los derechos digitales; Real Decreto-ley de 31 de octubre, por el que se adoptan medidas urgentes por razones de seguridad pública en materia de administración digital, contratación del sector público y telecomunicaciones), así como, en su caso, con el Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE. Se advierte de que esta obligación tiene carácter el carácter de obligación contractual esencial de conformidad con lo dispuesto en la letra f) del apartado 1 del artículo 211 LCSP.*

**De carácter social.** De conformidad con lo previsto en el artículo 202 LCSP, en el presente pliego se establecen como condiciones especiales de ejecución de carácter social, vinculadas al objeto del contrato, en el sentido del artículo 145, no siendo éstas directa o indirectamente discriminatorias, las siguientes:

1.- Cumplimiento del convenio colectivo aplicable. El contratista además de cumplir, respecto de los trabajadores vinculados a la ejecución del contrato, las disposiciones legales, reglamentarias y convencionales vigentes en materia laboral, de Seguridad Social y de seguridad y salud en el trabajo, deberá cumplir el convenio colectivo aplicable, respetando las condiciones que, respecto a la subrogación de trabajadores se establezcan en dicho convenio y abonando, en todo caso, al menos el salario recogido en el mismo según la categoría profesional que le corresponda al trabajador.

2.- Cumplimiento del pago de los salarios del personal adscrito al contrato. El contratista deberá estar al corriente de pago de las nóminas del personal que participe en la ejecución del contrato. Se considerará que se incumple la citada condición cuando se produzca un retraso o impago en el abono de las nóminas en más de dos meses.

O art. 202 da LCSP “Condicións especiais de execución do contrato de carácter social, ético, ambiental ou doutra orde” establece:

“1. Os órganos de contratación poderán establecer condicións especiais en relación coa execución do contrato, sempre que estean vinculadas ao obxecto do contrato, no sentido do artigo 145, non sexan directa ou indirectamente discriminatorias, sexan compatibles co Dereito da Unión Europea e indíquense no anuncio de licitación e nos pregos.

En todo caso, será obrigatorio o establecemento no prego de cláusulas administrativas particulares de polo menos una das condicións especiais de execución de entre as que enumera o apartado seguinte.

Así mesmo nos pregos correspondentes aos contratos cuxa execución implique a cesión de datos polas entidades do sector público ao contratista será obrigatorio o establecemento dunha condición especial de execución que faga referencia á obrigación do contratista de someterse á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos, advertíndose ademais ao contratista de que esta obrigación ten o carácter de obrigación contractual esencial de conformidade co disposto na letra f) do apartado 1 do artigo 211”.

Coas citadas condicións enténdese que se dá cumprimento ao esixido polo citado art. 202 e o preceptuado polo art. 1 da LCSP, parágrafo 3º, cando di: “... En toda contratación pública incorporaranse de maneira transversal e preceptiva criterios sociais e ambientais sempre que garden relación co obxecto do contrato, na convicción de que a súa inclusión proporciona unha mellor relación calidade-prezo na prestación contractual, así como unha

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

*maior e mellor eficiencia na utilización dos fondos públicos”, non supoñendo, ademais, estas condicións unha maior “carga” para o contratista, xa que o seu cumprimento é “previo” ou derivado de “obrigas” xa existentes no ordenamento xurídico non xurdindo, pois, ou non tendo orixe directa no contrato administrativo, sen prexuízo, claro está, da relevancia e importancia do seu establecemento, do cumprimento polo contratista e da verificación do cumprimento por esta administración.*

### **XUSTIFICACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTES**

*O artigo 99 LCSP di: “Sempre que a natureza ou o obxecto do contrato o permitan, deberá preverse a realización independente de cada unha dos seus partes mediante a súa división en lotes, podéndose reservar lotes de conformidade co disposto na disposición adicional cuarta.*

*Non obstante o anterior, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos.*

*.../*

*En todo caso consideraranse motivos válidos, a efectos de xustificar a non división en lotes do obxecto do contrato, o feito de que, a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultase a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico; ou ben que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes. Ambos os extremos deberán ser, no seu caso, xustificados debidamente no expediente”.*

*Neste sentido, o xa tantas veces mencionado “Informe sobre el pliego de prescripciones técnicas”, di:*

*“Respecto al grupo 1 constituido por el tractor y la desbrozadora de brazo, son dos máquinas independientes, de fabricantes posiblemente distintos, que cada una realiza una función independiente de la otra, con elementos en común, siendo necesario un acoplamiento entre ambas.*

*El acoplamiento de la máquina al tractor deberá realizarse para largos tiempos, por el número de horas de trabajo a efectuar, no de forma esporádica.*

*Para ello cabe la posibilidad que haya que realizar un acoplamiento rigidizador en la zona de enganche.*

*El acoplamiento rigidizador podrá consistir en la inmovilización de los brazos del tractor, para su posterior adaptación con pletinas rigidizadoras y abarcones a los brazos, o cualquier otra forma posible*

*Posteriormente deberá procederse a realizar el enganche de la máquina en los brazos del tractor y en las pletinas reforzadas, así como en los tres puntos del tractor, para una mayor estabilidad.*

*Por otro lado, será necesario efectuar una adaptación del mando de la desbrozadora de brazo (monopalanca por joystick) en el interior de la cabina del tractor, para una mayor comodidad, visibilidad y operatividad de la desbrozadora, dependiendo del operario destinado a realizar los trabajos.*

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).*



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

*En el supuesto de que dos entidades diferentes suministren por separado el tractor y la desbrozadora de brazo, quedará siempre la duda de quien será la entidad encargada de realizar el acoplamiento entre ambas, para un perfecto funcionamiento de la desbrozadora, así como quien correría con los gastos de dichos trabajos a realizar.*

*Asimismo, se plantearía siempre la incertidumbre de quien tendría que dar la garantía de los trabajos de acoplamiento realizados.*

*Por lo expuesto, se puede estimar que la compra del tractor y la desbrozadora de brazo considerados como grupo 1, se debería realizar de forma conjunta, suministrados por una única empresa o entidad”.*

Polo que, á vista do anterior, non se procederá á división do obxecto do contrato en lotes, ao concorrer/quedar xustificado que concorren motivos válidos que xustifican a citada non división nos termos previstos polo citado art. 99.3 da LCSP.

Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe

O alcalde,

Asdo.: Eduardo J. Parga Veiga